



## **ACTA DA REUNIÓN 1 DE AGOSTO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL.**

### **PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

### **VOGAIS:**

D<sup>a</sup>. Marisol Soneira Tajés  
Vicepresidenta 2<sup>o</sup> da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Carro  
Letrada do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María del Carmen Fernández da Silva  
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

### **SECRETARIO:**

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12,45 horas do día **1 de agosto de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a xestión da produción audiovisual.

### **Orde do día:**

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Non hai presente ningún representante da empresa concorrente.

De seguido procedese a:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 125, 3 de xullo de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Segundo certificado estendido polo Letrado oficial maior, non se presentaron ofertas ao través do Rexistro da Cámara; constatouse sen embargo a recepción dunha proposición da empresa Spica, s.l., ao través da plataforma de licitación electrónica do Parlamento de Galicia.

Con data 24 de xullo de 2014 constituíuse a Mesa de contratación, que procedeu ao estudo da documentación presentada pola empresa concorrente no sobre "A", resultando que debe ser admitida, polo tanto non hai empresas excluídas.


Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O Presidente informa que a través da pantalla poderase visualizar o acceso á plataforma de licitación electrónica e a apertura do sobre B da empresa concorrente. Infórmase que unha vez aberto electrónicamente o sobre B, a documentación nel contida será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, cuxo resultado será comunicado na sesión pública de apertura do sobre C.

Unha vez que todos os membros da Mesa de contratación validaron electrónicamente o seu acceso á plataforma, se procede a descriptación da documentación contida na proposición presentada pola empresa Spica, s.l.

Unha vez aberto o arquivo e comprobado o seu contido, a Mesa de Contratación acorda a súa remisión ao servizo de Tecnoloxías da Información para que proceda ao estudo e avaliación da oferta.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13,05 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



Marisol Soneira Tajés  
Vogal



José Manuel Balseiro Orol  
Vogal



Raquel Rodríguez Carro  
Vogal



María del Carmen Fernández da Silva  
Vogal



Santiago González Serrano  
Secretario